

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 15 DE OUTUBRO DE 2014.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 15 de outubro de 2014, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS, con retraso (PSG-PSOE)

JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

BEATRIZ CASTRO REY. (PP)

SATURNINO ABETE REDONDO. (PP)

RAMÓN CARRO OTERO, con retraso (PP)

XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

---

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 10.09.2014.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 05.09.2014 AO 10.10.2014.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

8º) MOCIÓNS.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

---

### **1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 10.09.2014.**

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 10 de setembro de 2014.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos once membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

### **2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 05.09.2014 AO 10.10.2014.**

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben.

05.09.14.- Ratificar as listaxes provisionais de admitidos e excluídos da adxudicación extraordinaria de prazas para a escola infantil municipal.

08.09.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de setembro de 2014.

08.09.14.- Adxudicación á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA da execución do contrato de obras de: mellora na praza do Concello, polo prezo de 7.417,05 euros, IVE incluído.

08.09.14.- Contratar como coordinador de seguridade e saúde da obra: mellora na praza do Concello a Juan Moreno Badía polo prezo de 242,00 euros, IVE incluído.

08.09.14.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 9 de setembro.

09.09.14.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de agosto de 2014.

09.09.14.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de agosto de 2014.

09.09.14.- Aprobación da liquidación das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 9 de setembro.

09.09.14.- Reintegro da cantidade de 30 € a un traballador por pagamento anticipado.

11.09.14.- Adxudicación á empresa Mibasa Minas de Bandeira S.A. da execución do contrato de subministro de materiais para o proxecto de obras: mantemento de diversas pistas rurais distribuídas pola totalidade do termo municipal de Brión. LOTE 2, polo prezo total de: 21.294,48 euros, IVE incluído.

11.09.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 1.557,29 euros (Gas Natural Servicios SDG, S.A.).

11.09.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 6.346,78 euros (Gas Natural Servicios SDG, S.A.).

11.09.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 7.132,07 euros (Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.).

11.09.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 51.315,52 euros (facturas varias).

11.09.14.- Autorización para a celebración da festa dos Milagros, na Igrexa, Bastavales, o día 14 de setembro.

11.09.14.- Reintegro da cantidade de 7,01 € a un traballador por pagamento anticipado.

11.09.14.- Devolución de avais bancarios a Minas de Bandeira SA (Mibasa) do subministro de materiais da obra do proxecto: mantemento de estradas Aldea de Vioxo de Arriba e pista Tembra-Pedreira, lotes 2 e 3.

12.09.14.- Contratación mediante contrato menor das actuacións adxudicadas ao Concello na programación da Rede Cultural da Deputación do ano 2014.

12.09.14.- Inicio do expediente para a execución da obra: proxecto de mantemento de diversas pistas rurais distribuídas pola totalidade do termo municipal de Brión polo sistema de administración.

12.09.14.- Adxudicación á empresa Barbatana SL da execución do contrato de servizos de: escolas musicais 2014-2015 polo prezo unitario de 23 €/hora.

12.09.14.- Contratación de tres traballadores para a obra de: programa de actuacións de limpeza de pistas no Concello de Brión 2014.

12.09.14.- Expediente de modificación de crédito núm. 13/2014.

12.09.14.- Expediente de modificación de crédito núm. 14/2014.

15.09.14.- Adxudicación á empresa Repsol Lubricantes y Especialidades S.A. da execución do contrato de subministro de materiais para o proxecto de obras: mantemento de diversas pistas rurais distribuídas pola totalidade do termo municipal de Brión. Lote 1, polo prezo total de: 44.101,01 euros, IVE incluído.

15.09.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 54.358,37 euros (cota xullo e agosto Mancomunidade Serra do Barbanza).

16.09.14.- Concesión dunha bonificación polo importe do 100% da taxa pola utilización do campo de fútbol de herba artificial para a temporada 2014/2015 ás seguintes asociacións/clubs: S.D. Brión, Brión Dental Club de Fútbol, Os Ánxeles Veteranos, Club Deportivo Veteranos de Brión, Bastavales Unión Deportiva, e do pavillón polideportivo á entidade Brión Futsal.

16.09.14.- Adxudicación da obra de: reparación do ascensor do CEIP á empresa Ascensores Enor S.A., por un importe de 1.528,74 €, IVE incluído.

16.09.14.- Acordar o inicio das obras de: mantemento de diversas pistas rurais distribuídas pola totalidade do termo municipal de Brión o 17 de setembro.

16.09.14.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de: proxecto de mantemento de diversas pistas rurais distribuídas pola totalidade do termo municipal de Brión.

16.09.14.- Pago de nóminas mes de agosto.

16.09.14.- Contratación pola lista de agarda de dous traballadores para a obra de: proxecto de mantemento de diversas pistas rurais distribuídas pola totalidade do termo municipal de Brión.

17.09.14.- Adxudicación do servizo de: mantemento de conservación da caldeira de gasóleo do Centro Social Polivalente, á empresa Leuman-Calema Santiago SL, polo importe de 750 €, IVE incluído.

17.09.14.- Adxudicación do servizo de: fogos de artificio festas Santa Minia 2014 á empresa Pirotecnia López, S.L. por un importe de 6.300,00 €, IVE incluído.

17.09.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36,30 euros (Cableuropa,S.A.U.).

18.09.14.- Corrección de erros dalgunhas direccións no padrón municipal de habitantes.

18.09.14.- Concesión dunha axuda de emerxencia social a unha veciña deste Concello.

19.09.14.- Listados definitivos para adxudicación de prazas na escola infantil municipal en convocatoria extraordinaria de setembro.

19.09.14.- Denegación de solicitude de exención de taxas por expedición de licenza urbanística.

19.09.14.- Aprobación da xustificación da subvención concedida á Sociedade Deportiva Brión, polo importe total de 4.590,69 euros.

19.09.14.- Corrección dun erro na domiciliación da liquidación da taxa pola utilización dos servizos da escola infantil municipal.

22.09.14.- Inicio expediente de baixa de oficio por inscrición indebida no padrón de habitantes do Concello dun veciño.

22.09.14.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de: mellora na praza do Concello.

22.09.14.- Corrección dun erro material no contrato de servizos de: substitución dunha traballadora da escola infantil municipal por razón de baixa por maternidade/enfermidade.

23.09.14.- Autorización de comisión de servizos ao técnico de deportes para acompañamento da liga de fútbol 8.

23.09.14.- Inicio de expediente para a execución da obra: instalación de redutores de velocidade na parroquia de Bastavales, polo sistema de administración.

23.09.14.- Baixa no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes a unha veciña deste Concello.

23.09.2014.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 1.331,99 euros (Helvetia Cia Suiza S.A.).

24.09.14.- Inicio da obra: instalación de redutores de velocidade na parroquia de Bastavales para o 1 de outubro.

24.09.14.- Corrección dun erro material no contrato de servizos de: mantemento de conservación da caldeira de gasóleo do centro social polivalente.

24.09.14.- Inicio expediente de limpeza no lugar de Perros.

24.09.14.- Inicio expediente de limpeza no lugar de Bastavaliños.

24.09.14.- Inicio expediente de limpeza no lugar de Estrar.

24.09.14.- Inicio expediente de limpeza no lugar de Sabaxáns.

24.09.14.- Confirmación de prazas nas actividades para a terceira idade durante o curso 2014-2015.

25.09.14.- Inscrición no Rexistro de Asociacións do Concello da asociación Sociedade Deportiva Luaña.

29.09.14.- Adxudicación á empresa Oziona Soluciones de Entretenimiento S.L. da execución do contrato de servizos de: mantemento no campo de fútbol de Brión da herba artificial, polo prezo de: 8.490,50 euros, IVE incluído, polo prazo de catro anos.

29.09.14.- Incorporación ao servizo de axuda no fogar básico dun veciño.

29.09.14.- Denegación da solicitude para o uso da casa de cultura para o acto de asemblea aberta a veciñanza de Brión.

29.09.14.- Baixa definitiva dunha tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía por traslado de domicilio.

29.09.14.- Contratación do servizo de ioga e ximnasia de mantemento á empresa Barbatana SL, polo importe máximo de 2.662 €, IVE incluído.

30.09.14.- Altas no padrón de habitantes do mes setembro.

30.09.14.- Baixas no padrón de habitantes do mes setembro.

30.09.14.- Concesión dunha bonificación polo importe do 100% da taxa pola utilización do campo de fútbol de herba artificial para a temporada 2014/2015 á asociación S.D. Luaña.

30.09.14.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato: coordinación da seguridade e saúde das obras que contrate ou execute por administración o Concello.

30.09.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 6.887,73 euros (facturas varias).

30.09.14.- Confirmación das prazas para participar en actividades extraescolares, deportivas e culturais durante o curso 2014-2015.

30.09.14.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de: instalación de redutores de velocidade na parroquia de Bastavales.

30.09.14.- Pago de nóminas mes de setembro.

30.09.14.- Pago de produtividade.

30.09.14.- Ingreso de 300 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a un traballador.

30.09.14.- Recoñecemento de trienios a laborais.

30.09.14.- Contratación do servizo de: monitoraxe do obradoiro de inglés para rapaces do Concello a Monserrat Mella Otero, polo importe máximo de 2.962,08 €, IVE incluído.

30.09.14.- Aprobación do listado de familias beneficiarias da fase de distribución de alimentos

01.10.14.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida do lixo correspondente aos anos 2012, 2013 e 2014 dun veciño.

01.10.14.- Aprobación dunha prórroga dun ano do convenio de colaboración co Club de Piragüismo Ribeiras do Tambre.

01.10.14.- Compensación da cantidade de 476,24 euros en concepto de liquidación do imposto sobre actividades económicas do ano 2013, liquidada pola Deputación á entidade mercantil Urban Portfolio Inmobiliario S.L.

01.10.14.- Reintegro da cantidade de 18.751,68 € que resulta da diferenza entre a subvención concedida e ingresada e o importe debidamente xustificado para a realización do servizo denominado: formación do grupo de intervención rápida do Concello de Brión do ano 2012.

01.10.14.- Inicio procedemento sancionador de tráfico.

02.10.14.- Autorización para utilizar a conta do Supermercado Froiz para adquisición de artigos necesarios para o programa de distribución de alimentos do Concello.

02.10.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 31.041,65 euros (facturas varias).

03.10.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos premios dos gañadores da carreira XXXII Carreira Popular da Amaia polo importe de 1.040 euros.

03.10.14.- Altas e baixas no programa de axudas ao transporte presentadas entre os días 1 de xullo e o 30 de setembro de 2014.

06.10.14.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local para o 7 de outubro.

07.10.14.- Adxudicación do servizo de revisión e limpeza de varias caldeiras de gasóleo: Casa de Cultura, Escola Municipal de Música, Biblioteca e Centro de Saúde, á empresa Leuman - Calema Santiago SL, por un importe de 435,60 €, IVE incluído.

07.10.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de outubro.

07.10.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de setembro de 2014.

07.10.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio dependentes correspondente ao mes de setembro de 2014.

08.10.14.- Autorizar o uso do pavillón polideportivo á garda civil de Brión o día 12 de outubro de 2014 para a celebración da festividade do Pilar.

09.10.14.- Aprobación do novo modelo de folla padronal e a súa utilización para as novas inscricións ou modificacións de habitantes no padrón municipal de habitantes.

09.10.14.- Autorizar o uso das instalacións deportivas no curso académico 2014/2015, ao IES de Brión para desenvolver actividades da materia de educación física e bonificación do 100% da taxa pola súa utilización.

09.10.14.- Autorizar o uso das instalacións deportivas no curso académico 2014/2015, á ANPA Andaravía do CEIP de Brión e bonificación do 100% da taxa pola súa utilización.

10.10.14.- Convocatoria de comisións informativas e pleno ordinario a celebrar o 15 de outubro.

O Pleno toma coñecemento.

### **3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 18.09.2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas en sesión do 14.10.2014, que transcrita di:

No RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes establécese no seu Título I, que as entidades locais que liquidaran os seus presupostos de 2008 con remanente de tesourería negativo e operacións pendentes de aplicar ao orzamento, poderán financiar o seu importe con endebedamento bancario. A operación de endebedamento requirirá a aprobación pola entidade local dun plan de saneamento. Este plan de saneamento foi aprobado o 30 de xuño de 2009 polo Concello Pleno e nel se acorda o incremento dos tipos impositivos ata o importe necesario para a xeración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Considerando pois necesario proceder á modificación da ordenanza fiscal núm. 1-I reguladora do imposto sobre bens inmobles, en execución do mencionado acordo plenario, modificación que consistirá no incremento do tipo impositivo xeral do 0,45% ao 0,46%.

Visto o expediente tramitado e o informe de secretaría, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal nº 1-I, reguladora do imposto sobre bens inmobles, publicada no BOP da Coruña núm. 270, do 24.12.2009, con modificacións posteriores publicadas nos BOP do 15.11.2010, 22.12.2011, 10.12.2012 e 09.12.2013, para adaptala ao disposto no Plan de Saneamento aprobado con motivo do RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes, nos seguintes termos:

-. Se modifica o texto do art. 13, apartado a) 1, que pasa a ter a seguinte redacción:

a) Bens inmobles de natureza urbana:

1. O tipo de gravame xeral aplicable aos bens inmobles de natureza urbana queda fixado no 0,46%.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2015, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

#### **4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 18.09.2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas en sesión do 14.10.2014, que transcrita di:

No RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes establécese no seu Título I, que as entidades locais que liquidaran os seus presupostos de 2008 con remanente de tesourería negativo e operacións pendentes de aplicar ao orzamento, poderán financiar o seu importe con endebedamento bancario. A operación de endebedamento requirirá a aprobación pola entidade local dun plan de saneamento. Este plan de saneamento foi aprobado o 30 de xuño de 2009 polo Concello Pleno e nel se acorda o incremento dos tipos impositivos ata o importe necesario para a xeración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Considerando pois necesario proceder á modificación da ordenanza fiscal núm.3-I reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, en execución do mencionado acordo plenario, modificación que consistirá no incremento do coeficiente a aplicar sobre as cotas do 1,15 ao 1,16.

Visto o expediente tramitado e o informe de secretaría, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm.3-I reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, publicada no BOP da Coruña núm. 270, do

24.12.2009, con modificacións posteriores publicadas nos BOP do 15.11.2010, 22.12.2011, 10.12.2012 e 09.12.2013, para adaptala ao disposto no plan de saneamento aprobado con motivo do RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes, nos seguintes termos:

-. Se modifica o texto do art. 8, apartados 1 e 3, que pasan a ter a seguinte redacción:

1. O imposto esixirase de acordo co cadro de tarifas establecido no artigo 95.1 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que se incrementará, dentro dos límites permitidos polo artigo 95.4 da referida Lei, pola aplicación sobre o mesmo dun coeficiente do 1,16 polo que as cotas a satisfacer serán as seguintes:

### TARIFAS

#### **a ) Turismos**

	Potencia e clase do vehículo	Cota
a.1	De menos de 8 cabalos fiscais	14,64 €
a.2	De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	39,53 €
a.3	De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	83,45 €
a.4	De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	103,95 €
a.5	De 20 cabalos fiscais en diante	129,92 €

#### **b) Autobuses**

	Potencia e clase do vehículo	Cota
b.1	De menos de 21 prazas	96,63 €
b.2	De 21 a 50 prazas	137,62 €
b.3	De máis de 50 prazas	172,03 €

#### **c) Camións**

	Potencia e clase do vehículo	Cota
c.1	De menos de 1.000 quilogramos de carga útil	49,04 €



c.2	De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	96,63 €
c.3	De máis de 2.999 a 9.999 quilogramos de carga útil	137,62 €
c.4	De máis de 9.999 quilogramos de carga útil	172,03 €

#### d) Tractores

	Potencia e clase do vehículo	Cota
d.1	De menos de 16 cabalos fiscais	20,50 €
d.2	De 16 a 25 cabalos fiscais	32,21 €
d.3	De máis de 25 cabalos fiscais	96,63 €

#### e) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica

	Potencia e clase do vehículo	Cota
e.1	De menos de 1.000 e máis de 750 quilogramos de carga útil	20,50 €
e.2	De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	32,21 €
e.3	De máis de 2.999 quilogramos de carga útil	96,63 €

#### f) Vehículos

	Potencia e clase do vehículo	Cota
f.1	Ciclomotores	5,13 €
f.2	Motocicletas ata 125 c.c.	5,13 €
f.3	Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.	8,78 €
f.4	Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.	17,57 €
f.5	Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1.000 c.c.	35,14 €
f.6	Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	70,27 €

3. No caso de que nas leis de presupostos do Estado se modificara o cadro de tarifas recollido no artigo 95.1 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o indicado coeficiente de 1,16 aplicarase sobre as novas tarifas fixadas nas referidas leis de presupostos estatais.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2015, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

#### **5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 18.09.2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas en sesión do 14.10.2014, que transcrita di:

No RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes establécese no seu Título I, que as entidades locais que liquidaran os seus presupostos de 2008 con remanente de tesourería negativo e operacións pendentes de aplicar ao orzamento, poderán financiar o seu importe con endebedamento bancario. A operación de endebedamento requirirá a aprobación pola entidade local dun plan de saneamento. Este plan de saneamento foi aprobado o 30 de xuño de 2009 polo Concello Pleno e nel se acorda o incremento dos coeficientes a aplicar sobre as cotas de tipos impositivos ata o importe necesario para a xeración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Considerando pois necesario proceder á modificación da ordenanza fiscal núm. 5-I reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, en execución do mencionado acordo plenario, modificación que consistirá no incremento da porcentaxe anual nun 2%.

Visto o expediente tramitado e o informe de secretaría, propono ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 5-I reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, publicada no BOP da Coruña núm. 274, do 24.12.2009, con modificacións posteriores publicadas nos BOP do 15.11.2010, 22.12.2011, 10.12.2012 e 09.12.2013, para adaptala ao disposto no plan de saneamento aprobado con motivo do RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes, nos seguintes termos:

- Se modifica o cadro do art. 8 apartado 1, que pasa a ter a seguinte redacción:

a) Períodos de un (1) ata cinco anos: 2,59 por cento.

b) Períodos de ata dez anos: 2,48 por cento.

c) Períodos de ata quince anos: 2,36 por cento.

d) Períodos de ata vinte anos: 2,24 por cento

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2015, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

#### **6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 18.09.2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas en sesión do 14.10.2014, que transcrita di:

No RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes establécese no seu Título I, que as entidades locais que liquidaran os seus presupostos de 2008 con remanente de tesourería negativo e operacións pendentes de aplicar ao orzamento, poderán financiar o seu importe con endebedamento bancario. A operación de endebedamento requirirá a aprobación pola entidade local dun plan de saneamento. Este plan de saneamento foi aprobado o 30 de xuño de 2009 polo Concello Pleno e nel se acorda o incremento dos coeficientes a aplicar sobre as cotas de tipos impositivos ata o importe necesario para a xeración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Considerando pois necesario proceder á modificación da ordenanza fiscal núm. 15-T reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, modificación que consistirá no incremento do coeficiente sobre as cotas nun 2% .

Visto o expediente tramitado, o informe de secretaría e o informe técnico económico de intervención sobre o custe do servizo, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 15-T reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, publicada no BOP da Coruña núm. 270, do 24.12.2009, con modificacións posteriores publicadas nos BOP do 15.11.2010, 22.12.2011, 10.12.2012 e 09.12.2013, para adaptala ao disposto no Plan de Saneamento aprobado con motivo do RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes.

-. Se modifica o Anexo:Tarifas, que pasa a ter a seguinte redacción:

#### **ANEXO: TARIFAS**

<b>TARIFA Nº 1: XESTIÓN DO LIXO DOMICILIARIO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ASIMILABLES</b>	
Epígrafe 10.-Vivendas:	84,64
Concepto 1000: Recollida	
Epígrafe 11: Aloxamentos e centros de ensinanza:	
Concepto 1100: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 5 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 201,67 euros)	22,58
Concepto 1101: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 4 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 201,67 euros)	21,50
Concepto 1102: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 3 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 201,67 euros)	17,81
Concepto 1103: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 2 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 201,67 euros)	16,32
Concepto 1104: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 1 estrela e campamentos de turismo, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 183,16	14,83

euros)	
Concepto 1105: pensións de 2 estrelas e campamentos de turismo e albergues xuvenís, por cada praza e ano, euros:	4,89
Concepto 1106: pensións de 1 estrela, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo ó ano de 183,16 euros)	14,83
Concepto 1107: fondas, por cada praza e ano (cun mínimo anual de 107,06 euros)	9,02
Concepto 1108: casas de hospedaxe, por cada praza ó ano, euros: (cun mínimo anual de 102,20 euros)	7,24
Concepto 1109: hospitais, sanatorios e demais centros sanitarios asistenciais, por cada praza, ó ano, euros: (cun mínimo de 512,17 euros anuais)	42,59
Concepto 1110: Centros Docentes, Colexios Maiores e Residencias de Estudiantes con réxime de pensión alimenticia, por cada praza ó ano, euros (cun mínimo de 440,63 euros).	14,83
Concepto 1111: Centros Docentes, Colexios Maiores e Residencias de Estudiantes, sen réxime de pensión alimenticia, por cada Centro, ó ano	362,16
Concepto 1112: Centros de ensinanza que realizan a súa actividade en locais de menos de 100 m <sup>2</sup>	181,10
Epígrafe 12: Locais	
Concepto 1200: RESTAURANTES	
120000 De Categoría de Luxo	796,80
120001 De Categoría 1ª	724,35
120002 De Categoría 2ª	588,53
120003 De Categoría 3ª	470,77
120004 De Categoría 4ª	353,14
Concepto 1201: CAFETERÍAS	
120100 De Categoría Especial	633,83
120101 De Categoría 1ª	498,00
120102 De Categoría 2ª	407,47

120103 De Categoría 3ª	199,20
Concepto 1202: BARES	
120200 De Categoría Especial, epígrafe 673.1 I.A.E.	724,35
120201 Otros cafés e bares, epígrafe 673.2 I.A.E. (zona urbana)	162,91
120201 Otros cafés e bares, epígrafe 673.2 I.A.E. (resto)	135,83
Concepto 1203: SALAS DE FESTAS, DISCOTECAS, WHISKERÍAS, BINGOS E SIMILARES	724,34
Concepto 1204: CÍRCULOS E CLUBES	
120400 Con restaurante e/ou cafetería	452,73
120401 Os demais	226,36
Concepto 1205: TEATROS E CINES	
120500 Teatros e Cines con local pechado	307,87
120501 Teatros e Cines con local aberto	90,54
Concepto 1207 FÁBRICAS, TALLERES DE REPARACIÓN DE AUTOMÓBILES, ASERRADEIROS E GRANDES ALMACÉNS	
120700 Ata 10 empregados	
120700.00 De 1 empregado	143,48
120700.01 De 2 a 4 empregados	215,22
120700.02 De 5 a 7 empregados	286,97
120700.03 De 8 a 10 empregados	358,69
120701 Máis de 10 empregados, ata 20	573,91
120702 Máis de 20 empregados, ata 50	1.147,88
120703 Máis de 50 empregados, ata 100	2.096,74
120704 Máis de 100 empregados	4.179,60

Concepto 1208: MERCADOS, SUPERMERCADOS, COMERCIOS O POR MAIOR DE PRODUCTOS ALIMENTARIOS E ESTABLECEMENTOS AGROALIMENTARIOS	
120801 Establecimientos en réxime de autoservicio e mixto, distintos dos contemplados no epígrafe 661.2 da Sección 1ª das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas:	
120801.00 Con superficie superior a 400 m <sup>2</sup>	2.152,25
120801.01 Con superficie comprendida entre 399 m <sup>2</sup> e 120 m <sup>2</sup>	430,45
120801.02 Con superficie comprendida entre 120 m <sup>2</sup> e 60 m <sup>2</sup>	286,97
120801.03 Con superficie inferior a 60 m <sup>2</sup>	143,48
120802 Outros establecementos:	
120802.00 Pescaderías e carnicerías, verdulerías e froiterías	143,48
120802.01 Os demais establecementos	108,65
120803 Mercados Centrais de Maioristas:	
120803.00 Entidades Xestoras dos Mercados Centrais Maioristas	2950,18
120803.01 Por cada posto modular	425,82
Concepto 1209: ENTIDADES BANCARIAS E CAIXAS DE AFORROS, GASOLINERAS E ESTACIÓNS DE SERVICIOS.	
Concepto 120901 Entidades Bancarias e Caixas de Aforro	860,19
Concepto 120902 Gasolineiras e Estacións de Servicio, por surtidor (ata un máximo de 569,30 euros)	181,09
Concepto 1210: CENTROS OFICIAIS (Productores de menos de 1000 l de residuos, por día):	
121000 Ata 500 m <sup>2</sup> de superficie	381,92
121001 Dende 500 m <sup>2</sup> ata 1000 m <sup>2</sup> de superficie	764,93
121002 Máis de 1000 m <sup>2</sup> de superficie	1146,87
Concepto 1211: LOCAIS, ESTABLECEMENTOS E TODA CLASE DE INSTALACIÓNS DE CARÁCTER PÚBLICO OU PRIVADO, NON COMPRENDIDOS EN CONCEPTOS ANTERIORES E GRANDES PRODUCTORES DE RESIDUOS	

121100 Por cada fracción de 100 litros de residuos xerados ó día, ó ano	226,36
NOTA: Pa os efectos da notificación da cota derivada deste concepto, os obrigados ao pagamento deberán declara-la media de residuos xerados, previo requirimento, para iso, pola Inspección do Servicio, que poderá rectifica-las declaracións formuladas ou estimar de oficio o volume de residuos no caso de falta de declaración.	
Concepto 1212: DESPACHOS PROFESIONAIS	108,65
Concepto 1213: POSTOS, QUIOSCOS E CALQUERA OUTRO CON INSTALACIÓN PERMANENTE NA VÍA PÚBLICA E NON SUXEITO POR CONCEPTOS ANTERIORES DESTAS TARIFAS	34,21
Concepto 1214: DEMAIS LOCAIS E NEGOCIOS NON COMPRENDIDOS NOS EPÍGRAFES E CONCEPTOS ANTERIORES	108,65
NOTA COMÚN Á TARIFA Nº 1: As cotas reseñadas nesta tarifa teñen carácter de mínimas, podendo os servizos de inspección, con comunicación e audiencia ó interesado, axustalas ó volume de residuos xerados, tomando como base para o cálculo o Concepto 121100.	
TARIFA Nº 2: POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE TRATAMENTO	
Epígrafe 20.-Instalacións de tratamento	
Concepto 2001: Polo tratamento de cada Kg de residuos sólidos clasificado nas fraccións utilizadas para recollida selectiva. O mínimo de percepción non será inferior a 3,17 euros.	0,03
Concepto 2002: Polo tratamento de cada Kg de residuos sólidos sen clasificar. O mínimo de percepción non será inferior a 4,02 euros.	0,05
Concepto 2003: Carga e transporte de residuos urbanos a instalacións de tratamento. Por cada Kg de residuos urbanos, euros: (cun mínimo de 45,07 euros).	0,14
TARIFA Nº 3: POR LIMPEZAS EXTRAORDINARIAS DE LUGARES ONDE SE CELEBRARÁN ACTOS PÚBLICOS	
Epígrafe 30.-Limpeza	
Por cada m <sup>2</sup> de limpeza da vía pública, euros (cun mínimo de 56,49 euros):	0,03
Epígrafe 31.-Carga e transporte de residuos sólidos urbanos a vertederos:	
Concepto 3100: Por cada Kg de residuos sólidos urbanos, euros (cun mínimo de 45,07 euros):	0,14
Concepto 3101: Por cada m <sup>3</sup> de residuos inertes, euros (cun mínimo de 45,07 euros):	14,19



NOTA: A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza	
TARIFA Nº 4: POR RETIRADA DE VEHÍCULOS	
Epígrafe 40.-Recollida de vehículos	
Concepto 4000: Pola retirada de motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas.	32,06
Concepto 4001: Pola retirada de toda clase de vehículos turismos, así como camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara inferior a 1.000 Kg.	66,22
Concepto 4002: Pola retirada de camións, tractores, turismos , remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara superior a 1.000 Kg.	164,17
Epígrafe 41.-Depósito de vehículos	
Concepto 4100: Motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas, por día	2,59
Concepto 4101: automóviles de turismo, furgóns, furgonetas e demais vehículos con tara inferior a 1.000 Kg., por día	4,08
Concepto 4102: Camións, tractores, remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos con tara superior a 1.000 Kg., por día	8,68
NOTA 1ª.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	
NOTA 2ª.-No caso de que se iniciara a recollida e se realizara o enganche, pero non se completara o transporte do vehículo ata o depósito municipal porque non se tivera consumado éste debido á presenza do interesado, satisfarase o 50% da tarifa que puidese corresponder.	
NOTA 3ª.-As tarifas por retirada e por depósito de vehículos serán independentes entre si. Non obstante, a tarifa por depósito de vehículos só se aplicará no caso de que transcorran 24 horas dende a recollida daqueles, sen ser retirados polos seus propietarios.	

TARIFA Nº 5: POR RETIRADA DE CONTEDORES DE ENTULLO	
Epígrafe 50.-Retirada e transporte a depósito	112,38
Epígrafe 51.-Depósito por cada día de estancia	3,65
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta	

Ordenanza.	
TARIFA Nº 6: LIMPEZA E/OU RETIRADA DE CARTEIS, SOPORTES, PANCARTAS E PINTADAS	
Epígrafe 60.-Por limpeza e retirada de carteis, soportes, pintadas e pancartas	Euros
Concepto 6001: Por cada m <sup>2</sup> de limpeza e de retirada de carteis	25,04
Concepto 6002: Por cada m liñal de limpeza de pintadas	25,04
Concepto 6003: Por cada unidade de pancarta retirada da vía pública, euros:	14,33
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	
TARIFA Nº 7: RETIRADA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE ANIMAIS DA VÍA PÚBLICA	
Epígrafe 70.-Por cada unidade de peso menor de 70 Kg, euros:	22,15
Epígrafe 71.-Por unidade de peso superior a 70 Kg, euros:	70,92
TARIFA Nº 8: POLA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS E REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES REFERIDOS NO ARTIGO 2º, LETRA K	
A cota tributaria será o resultado de aplica-lo número e entidade dos medios persoais e materiais que se utilicen na prestación do servico, o tempo investido, e a tarifa contida nos seguintes epígrafes e conceptos:	
Epígrafe 80.-Persoal	Euros
Concepto 8000: Técnico superior ou medio, por cada hora ou fracción	62,80
Concepto 8001: Encargado, Xefe, Capataz ou Inspector dos Servicos, por cada hora ou fracción	28,76
Concepto 8002: Conductor, Mecánico ou operario, por cada hora ou fracción NOTA Concepto 8002: Cada hora liquidada incrementarase nun 15 % adicional en concepto de custo derivado da supervisión e dirección da actividade, se esta non se liquidara directamente por aplicación do resto de conceptos do Epígrafe 80.	17,70
Epígrafe 81.-Materiais	Euros
Concepto 8100: O consumo de materiais computarase, previa valoración da Mancomunidade do Barbanza, a prezos de mercado.	

Concepto 8101: Vehículos pesados (varredora, baldeadora, compactador, excavadora, grúa, pluma ou similar) por unidade e hora, sen conductor, euros:	28,76
Concepto 8102: Conductor, Mecánico ou operario, por cada hora ou fracción	17,71
Epígrafe 82.-Desprazamentos	Euros
Concepto 8200: Por Km percorrido, vehículo pesado, compactadores ida e volta, euros:	1,19
Concepto 8201: Por Km percorrido, vehículos lixeiros.	0,39
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2015, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

#### **7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 18.09.2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas en sesión do 14.10.2014, que transcrita di:

Visto o expediente tramitado polo Concello para a modificación da ordenanza fiscal núm. 12 T, reguladora da taxa pola subministración de auga motivado pola necesidade de actualizar as

tarifas existentes en función do IPC do -0,5 %, do período de agosto 2013 a agosto de 2014, tratando de conseguir o autofinanciamento do servizo.

Visto o informe de secretaría propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 12 T reguladora da taxa pola subministración de auga, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, con modificacións posteriores publicadas nos BOP do 13.12.2010, 22.12.2011, 10.12.2012 e 09.12.2013, nos seguintes termos:

-. Se modifican os epígrafes 1 ao 6 do art. 6: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

### Epígrafe 1. Aboados da rede municipal xeral

Tarifa	Concepto	Tarifa
1.1	Mínimo de 10 m <sup>3</sup> , por abonado e mes	0,579 €/ m <sup>3</sup>
1.2	De máis de 10 m <sup>3</sup> e ata 15 m <sup>3</sup> , por abonado e mes	0,756 €/ m <sup>3</sup>
1.3	Máis de 15 m <sup>3</sup> por abonado e mes	1,131 €/ m <sup>3</sup>

### Epígrafe 2. Aboados da rede de Luaña

Tarifa	Concepto	Tarifa
2.1	Mínimo de 10 m <sup>3</sup> , por abonado e mes	0,426 €/ m <sup>3</sup>
2.2	De máis de 10 m <sup>3</sup> e ata 15 m <sup>3</sup> , por abonado e mes	0,468 €/ m <sup>3</sup>
2.3	Máis de 15 m <sup>3</sup> por abonado e mes	0,564 €/ m <sup>3</sup>

### Epígrafe 3. Acometidas

Os prezos varían dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabiá:

#### Prezos para a acometida normal de 1 a 5 m.

Ø Acometida	Terra (A )	Asfalto (B)	Baldosa-acera (C )
¾"	198,44	255,55	306,10
1"	213,89	269,91	317,61
1 ¼ "-1 ½"	257,30	313,91	361,64

2 "	306,18	361,62	409,92
-----	--------	--------	--------

**Prezos para a acometida de máis de 5 m.**

	¾"	1"	1 ¼ "-1 ½"	2 "
(A ) incremento € por m	9,21	10,79	15,42	25,89
(B ) incremento € por m	20,32	21,94	26,52	36,99
(C ) incremento € por m	24,46	25,38	30,59	41,01

**Epígrafe 4. Contadores**

**Instalación de contador de 13/15/20 mm. en batería de contadores ou similar**

Características	Tarifa
Contador de 13/15 mm. , válvula antirretorno e pezas de conexión	81,32 €/ud.
Contador de 20 mm., válvula antirretorno e pezas de conexión	103,04 €/ud.

**Instalación de arqueta no chan**

Características	Tarifa
Arqueta de 40 x 40, contador de 13/15 mm. ,válvula antirretorno e pezas de conexión.	181,15 €/ud.

**Contador de diámetro superior a 20 mm.**

Características
Según orzamento para cada caso

**Contadores ( sen colocación )**

Ø	Tarifa
Ø 13 mm	55,81 €/ud.

Ø 15 mm	55,81 €/ud.
Ø 20 mm	77,53 €/ud.
Ø 25 mm	126,31 €/ud.
Ø 30 mm	176,55 €/ud.
Ø 40 mm	273,71 €/ud.
Ø50 mm	598,04 €/ud.
Ø 65 mm	741,37 €/ud.

#### **Epígrafe 5. Xestión de cobro a impagados**

Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago

	Tarifa
Cota	4,20 €/ ud.

#### **Epígrafe 6. Desprecintado do contador/Comprobación e precintado de contador no instalado polo servizo/Comprobación de contador de abonado con contador patrón**

Esta cota é a que se refire ao reestablecemento do subministro

	Tarifa
Cota	28,30 €/ ud.

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2015, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17

do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

Se incorporan ao Pleno neste intre con retraso a concelleira Sr<sup>a</sup> Vázquez Lamas e o concelleiro Sr. Carro Otero.

## **8º) MOCIÓNS.**

Non se presentou ningunha.

## **9º) ROGOS E PREGUNTAS.**

### **9.1. Rogos e preguntas formuladas por escrito polo grupo mixto (BNG):**

1. Temos coñecemento por diversos medios, que se está retomando o proxecto do vello polígono industrial no monte de Perros. Parece ser que a proposta do novo polígono modificado xa foi sometida a avaliación ambiental e a propia Consellería de Infraestruturas ven de resolvela favorablemente.

Desexamos saber cal é a situación actual e se nese asunto foron informados oportunamente os veciños e propietarios do monte de Perros.

Responde o Sr. Alcalde que non é así, e que nós non temos coñecemento de que a Xunta aprobara nada; nós estamos a executar a sentenza de anulación do solo industrial do PXOM e para dar cumprimento á mesma encargámoslle a unha consultora a modificación puntual do PXOM nesa zona e foi este equipo o que dixo que os valores medioambientais que hai que protexer só afectan a unha parte do solo e respecto da outra non hai nada que protexer, e se tramitará, pero que a última palabra a dirá o tribunal ao remate do proceso, que dirá se está ben executada a sentenza ou non, estase a tramitar a avaliación ambiental pero non temos nada contestado favorablemente pola Xunta, estamos tentando executar a sentenza e para iso hai que facer unha modificación puntual do PXOM.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que eu vin documentación da Xunta e que o trámite que lle dan é favorable, pero que os propietarios do monte non coñecen esa proposta.

O Sr. Alcalde sinala que nós oficialmente da Xunta non temos aquí nada aprobado, pero estase tramitando, e vai seguir o camiño ordinario que leva calquera modificación do plan e cando nos diga que se pode facer se farán reunións cos veciños; nós entendemos que o Concello de Brión ten dereito a ter unha zona comercial, a defendemos, e estamos a tramitar a execución dunha sentenza, e se fará ou non o polígono, en función do que ao final diga o xuíz.

2. O pasado 5 de outubro, o noso grupo político solicitou a casa da cultura para realizar un acto informativo coa veciñanza. O goberno local, a través dun escrito asinado polo secretario do Concello, denegou o uso do local ao considerar que tal acto era un acto político. Noutras circunstancias, tanto nós como outros colectivos, teñen solicitado tanto ese local como outros do Concello para diversos tipos de actos e, normalmente non hai problema, sempre que sexa compatible con outras actividades xa programadas.

Queremos saber cal é o motivo do cambio de criterios e, se o argumento que se baralla como que é un acto político é un plantexamento propio da democracia.

Responde o Sr. Alcalde que aquí non existe ningunha cousa rara, que o día 5 de outubro non había absolutamente ningunha posibilidade de cedelo, había unha exposición e habería que pedirlle autorización ao propietario dos cadros polo valor dos mesmos, e ademais, era o día da carreira pedestre e utilízase para ese fin, e sinalar que cada local está destinado ao seu, non había local libre e por iso non se deixou.

Finalmente sinalar que o solicitou, non o representante do BNG no Concello, senón alguén que non teño o pracer de coñecer que dixo actuar en representación do BNG, e que sempre se deixan os locais agás para actos comerciais.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que esas son excusas de mal pagador, que os locais deben deixarse sempre, que deben estar a disposición da veciñanza, sexan partidos ou non.

O Sr. Alcalde sinala que presente vostede proposta de modificación do uso dos locais porque nós consideramos que funcionan bastante ben.

3. Noutras ocasións temos solicitado ao Concello que se dotase de medidas de seguridade necesarias para controlar as horas de entrada e saída do CEIP e do IES, posto que hai un certo descontrol no movemento de vehículos e persoas. O acordo que se tomara era que ía haber un policía local para controlar esas horas punta. Segundo nos manifestan os pais e nais das nenas e nenos, parece ser que está algúns días pola mañá, pero nunca ás horas de mediodía, que é cando máis problemática se presenta. Algo parecido está a ocorrer na escola de música na Avenida de Santa Minia, agravada polo tránsito de buses e camións.

Rogamos que o goberno municipal estude con seriedade esta problemática e tome as medidas oportunas para evitar males maiores.

O Sr. Alcalde da lectura á circular 4/2014, do 06.10.2014, elaborada para a policía local, que di: Considerando esta alcaldía que se están a producir en distintos lugares do Concello ,periodicamente, actuacións consistentes no abandono no termo municipal de pneumáticos usados de vehículos que teñen unha importante carga contaminante, e cuxo abandono está expresamente prohibido pola vixente normativa, o que implica un gasto importante para o Concello que posteriormente ten que realizar o seu tratamento como residuo nun centro especializado.

Considerando que os membros da policía local poden facer un traballo importante neste ámbito á hora de disuadir coa súa presenza e, no seu caso, identificar para posterior sanción e, en todo caso, repercusión aos responsables dos gastos ocasionados ao Concello na execución subsidiaria da destrución destes residuos, dispoño:

1º) Ordenar aos membros da policía local do Concello dentro das súas funcións de policía administrativa, que logo de realizar os traballos de vixilancia da entrada e saída dos alumnos nos centros escolares, que é prioritario, procedan a realizar traballos de vixilancia e identificación dos responsables, mediante a elaboración dos correspondentes informes, nos lugares do Concello onde se están a producir abandonos de pneumáticos usados de vehículos.



2º) Comunicar esta circular ao xefe da policía local para o seu traslado ao resto de membros da policía local para o seu cumprimento e efectos, debendo informar mensualmente a esta alcaldía das xestións realizadas e os resultados obtidos.

Sinala o Sr. Alcalde que é anterior á formulación da súa pregunta; polo tanto, prioridade absoluta: entrada e saída dos nenos dos colexios.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que prioridade si, pero non están.

4. Recentemente se falou neste Pleno da necesidade de poñer unha valla de seguridade entre a carballeira de Santa Minia e a casa da cultura. Durante as festas vimos que había un amago de valla, pero ao rematar as mesmas, retirouse.

Queremos saber se se vai poñer a valla tal e como estaba comprometido, ou, se pasadas as festas considérase que xa non hai perigo.

Responde o Sr. Alcalde que acordouse neste Pleno facer un estudo para evitar ese perigo; fíxose o estudo, non estaba para Santa Minia e colocáronse tres cordas para que se vira que había algo aí, está feito o proxecto e enviado a Patrimonio, e o orzamento aproximadamente é de 3.000 euros, e que seguramente irá no orzamento de 2015, se chega antes a autorización de Patrimonio.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e vinte e tres minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González